

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Alberto Santos Vázquez

D. José Manuel López Hermida

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de febreiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º).- APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS DE DATA 23 DE DECEMBRO DE 2013 E 27 DE XANEIRO DE 2014. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de data 23 de decembro de 2013 e 27 de xaneiro de 2014.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias devanditas.

2º).- PROPOSTA DE ALCALDÍA DANDO CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2013 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA NO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2013 ANTERIORMENTE REFERENCIADO. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo do acordo adoptado pola Comisión Informativa de Contas na súa sesión de data 6 de febreiro de 2014 que a seguir se transcribe:

“1º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DANDO CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2013 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA NO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2013 ANTERIORMENTE REFERENCIADO. DAR CONTA.

Pola interventora municipal dáse conta á Comisión dos aspectos máis salientables da liquidación do orzamento municipal, correspondente ó exercicio de 2013, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2014, obrante no expediente e do informe de intervención sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria, regra de gasto e límite de débeda no expediente de liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2013 anteriormente referenciado.

A Comisión dáse por enterada.”

Igualmente, o Pleno Corporativo dáse por enterado.

3°).- INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2013, OS EFECTOS NO PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo do informe do epígrafe.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

4°).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G SOBRE A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. López López, dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Marco López López, Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

MOCIÓN CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de

reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO.

Instar á Xunta de Galiza a:

- *Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.*
- *Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.*
- *Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que está de acordo co contido da moción, aínda que considera necesario lembrar que nunha época de crise como a que estamos a pasar, é necesario ser moi coidadoso con todas aquelas medidas que poidan incrementar o déficit público.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión acorda aprobar a moción devandita e a súa remisión á Xunta de Galicia ós efectos oportunos.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

5º) APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO PARA OS EXERCICIOS 2014-2015.

Polo Sr. Alcalde dáse conta ó Pleno Corporativo do Plan Económico Financeiro do Concello de Xove para os exercicios de 2014 e 2015, motivado polo incumprimento da regra de gasto no orzamento municipal para 2014, e para dar cumprimento ó disposto no Art. 23.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, así como no Art. 21 do R.D. 1463/2007 de 2 de novembro que desenvolve a Lei 18/2001 de 12 de decembro.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do plan referenciado.

Enterado, o concello pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

- 1º) Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Xove para os exercicios de 2014 e 2015.
- 2º) Remitir copia do citado plan á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, como órgano de tutela financeira, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

6º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2013. DAR CONTA

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación e explícanse os aspectos máis salientables do informe do epígrafe.

O pleno Corporativo dáse por enterado.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

7º) RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA O PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO (SENDAS DE BURELA, CERVO E XOVE II). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo da resolución do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

Vista a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.(DOG nº 6 de data 10/01/2014)

Visto que a citada Orde prima a unión de varios Concellos para a realización de proxectos conxuntos.

Considerando axeitado a unión do Concello de Xove cos limítrofes de Cervo e Burela para o desenvolvemento dun proxecto conxunto.

En uso das facultades que me son conferidas polo art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do “Obradoiro de Emprego SENDAS DE BURELA, CERVO E XOVE (II)” , no que se van a desenvolver as seguintes especialidades:

- XARDINERÍA (AGAO0108/ AGAO0208) para 16 persoas alumnas.*
- PINTOR (EOCA10) para 16 persoas alumnas.*
- XARDINERÍA (AGAO0108/ AGAO0208) para 16 persoas alumnas.*

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto técnico denominado “ACONDICIONAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS EN XOVE” coas actuacións seguintes, correspondentes ao Concello de Xove, segundo constan nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan á solicitude:

- ACONDICIONAMENTO DO PARQUE MUNICIPAL DO CENTRO CÍVICO DE XOVE.*
- ACONDICIONAMENTO DE XARDINEIRAS E ALCORQUES DO NÚCLEO URBANO DE XOVE.*
- ACONDICIONAMENTO DE XARDINEIRAS E ALCORQUES DO NÚCLEO URBANO DE PALMEIRO (A RIGUEIRA – XOVE)*

TERCEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Xove aos Concellos de Burela e Cervo aos efectos de petición conxunta o proxecto “Obradoiro de Emprego SENDAS DE BURELA, CERVO E XOVE (II)”ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro

dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.(DOG nº 6 de data 10/01/2014)

CUARTO.- Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Así resolvo, mándoo e asínoo en Xove a dez de febreiro de dous mil catorce.”

O Pleno Municipal dáse por enterado.

ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse conta á Corporación das preguntas presentadas polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcriben:

1.- Varios alcaldes e alcaldesas anunciaron a rebaixa do seu salario (incluso algúns rexedores de municipios coas contas saneadas), debido á regulación de soldos promovida polo goberno do Estado: barállase tamén esta posibilidade desde a alcaldía do noso Concello?

Polo Sr. Alcalde contestase que como sempre, o Grupo de Goberno cumprirá estritamente coa normativa de aplicación, lembrando que as retribucións do Alcalde de Xove foron aprobadas cos votos favorables dos concelleiros do BNG.

Engade o Sr. Alcalde que o BNG de Xove debería ser máis riguroso coas notas de prensa que elabora, xa que na última atribúe como retribucións de Alcaldía ós 6.000€ que cobran en concepto de dietas, tódolos membros da corporación incluídos os concelleiros do BNG por asistir ás sesións dos órganos corporativos.

2.- Existe un avesporeiro situado na Barxa, na parroquia de Lago, que semella conter avésporas asiáticas xigantes. Cando teñen previsto a retirada deste niño que podería ser perigoso para a poboación?

Polo Sr. Alcalde contestase que xa se pasou aviso ó Grupo de Protección Civil de Cervo, que xa está a estudar-la forma de retirar ese avesporeiro.

De tódolos xeitos, según os técnicos e os expertos na materia, na época invernal a actividade destas avésporas é practicamente nula.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

O SECRETARIO,

Asdo: Luís María Fernández del Olmo